



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: PROCESO SELECCIÓN ARQUITECTO TÉCNICO CONTRATO LABORAL TEMPORAL EN EJECUCIÓN SENTENCIA 2017.

EXPEDIENTE: 2020/G003/001078

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno local (XGL) de data 16.07.2015 aprobou as bases que fan rexer o proceso selectivo en réxime de dereito laboral temporal con carácter interino da praza de arquitecto técnico municipal polo sistema de concurso de méritos.

O dito nomeamento do tribunal cualificador foi anulado por sentenza ditada en data 10.02.2016 polo xulgado do contencioso 1 de Coruña, Autos de P. Abreviado 335/2015 ao entender o xulgador que o tribunal designado non era axustado a dereito por non atender a especialidade técnica na súa composición. A dita Sentenza ordea *“retrotraer o procedemento selectivo/concurso ao momento de nomeamento do tribunal a fin de que sexa nomeado polo Concello con carácter predominantemente técnico”*.

En execución da dita sentenza, o 07.04.2016 a XGL acorda deixar sen efecto o proceso selectivo e ao mesmo tempo, acorda que se inicien os trámites para a realización dun novo proceso selectivo da praza de arquitecto técnico municipal polo sistema de oposición.

Logo de ser impugnado este segundo proceso selectivo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dispuxo que a Sentenza de instancia non fora executada debidamente e anula a nova convocatoria anunciada polo *“sistema de oposición y con nuevas y diferentes bases”*.

O 24.09.2019 ditouse decreto de nomeamento do tribunal de selección do arquitecto técnico con perfil puramente técnico co obxecto de dar cumprimento ao dito mandato.

Logo o 12.12.2019, tralo informe da asesoría xurídica contratada externamente, e a vista dos antecedentes existentes no expediente, resólvese iniciar a revisión de oficio das bases aprobadas no ano 2015, a resolución da aprobación da listaxe de admitidos e excluídos naquel proceso selectivo e mais a resolución de alcaldía pola que se nomeou un novo tribunal calificador do proceso selectivo, en base principalmente a que non se garante o principio de igualdade de oportunidades nin o acceso en condicións de igualdade ao emprego público, toda vez que o sistema de selección por concurso asigna unha puntuación de 5,5 sobre 10 a experiencia laboral, o que exclúe aos candidatos que nunca tiveron experiencia laboral que nunca poderán ser seleccionados.

Na dita resolución acórdase a paralización do expediente para a cobertura do posto en tanto non se resolva a revisión de oficio.

O 17.01.2020 Rafael Vazquez Barros, interesado no expediente, formula alegacións a dita resolución de inicio, interesando en resumo que se continúe a tramitación do proceso de selección do ano 2015.

O 13.10.2020 a secretaria municipal, a petición desta alcaldía, emite o seguinte informe en relación



coa situación do dito proceso selectivo:

INFORME DE SECRETARÍA

De acordo co ordenado pola Alcaldía e en cumprimento do establecido no artigo 3.3.a) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte, INFORME

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno local (XGL) de data 16.07.2015 aprobou as bases que ían rexer o proceso selectivo en réxime de dereito laboral temporal con carácter interino da praza de arquitecto técnico municipal polo sistema de concurso de méritos.

SEGUNDO.- Por resolución alcaldía 15.09.2015 aprobouse a lista de aspirantes admitidos e excluídos e nomear tribunal cualificador proceso selectivo.

TERCEIRO.- O dito nomeamento do tribunal cualificador foi anulado por sentenza ditada en data 10.02.2016 polo xulgado do contencioso 1 de Coruña, Autos de P. Abreviado 335/2015 ao entender o xulgador que o tribunal designado non era axustado a dereito por non atender a especialidade técnica na súa composición. A dita Sentenza ordea "retrotraer o procedemento selectivo/concurso ao momento de nomeamento do tribunal a fin de que sexa nomeado polo Concello con carácter predominantemente técnico".

CUARTO.- En execución da dita sentenza, o 05.04.2016, o Alcalde resolve extinguir o contrato do arquitecto técnico seleccionado naquel proceso selectivo.

QUINTO.- O 07.04.2016, tamén en execución da dita sentenza, a XGL acorda deixar sen efecto o proceso selectivo aprobado en data 16.07.2015 de selección dunha praza de arquitecto técnico en réxime de dereito laboral temporal de carácter interino polo sistema de concurso e ao mesmo tempo, acorda que se inicien os trámites para a realización dun novo proceso selectivo da praza de arquitecto técnico municipal polo sistema de oposición.

SEXTO.- Contra o novo proceso de selección, un dos aspirantes interpuxo incidente de execución perante o xulgado do contencioso administrativo núm. 1 da Coruña, entendendo que non se executou debidamente a sentenza do 10.02.2016, que foi desestimado mediante Auto do 15.07.2016.

SÉTIMO.- Contra o dito Auto interpúxose novamente recurso perante ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O 12.04.2017 a Sala do contencioso administrativo do dito tribunal (apelación 398/2016) declarou que a Sentenza non foi "devida y literalmente ejecutada por el Ayuntamiento de Coristanco."

Consecuencia desta sentenza anúlase a nova convocatoria anunciada polo "sistema de oposición y con nuevas y diferentes bases".

OITAVO.- En execución do dito mandamento o 24.09.2019, ditouse decreto de nomeamento do tribunal de selección do arquitecto técnico con perfil puramente técnico, posteriormente modificado o 07.11.2019.

NOVENO.- O 12.12.2019, tralo informe da asesoría xurídica contratada externamente, e a vista dos antecedentes existentes no expediente, resólvese iniciar a revisión de oficio das bases aprobadas no ano 2015, a resolución da aprobación da listaxe de admitidos e excluídos naquel proceso selectivo e mais a resolución de alcaldía pola que se nomeou un novo tribunal calificador do proceso selectivo, en base principalmente a que non se garante o principio de igualdade de oportunidades nin o acceso en condicións de igualdade ao emprego público, toda vez que o sistema de selección por concurso asigna unha puntuación de 5,5 sobre 10 a experiencia laboral, o que exclúe aos candidatos que nunca tiveron experiencia laboral que nunca poderán ser seleccionados.

Na dita resolución acórdase a paralización do expediente para a cobertura do posto en tanto non se resolva a revisión de oficio.

DÉCIMO.- O 17.01.2020 Rafael Vazquez Barros, formula alegacions a dita resolución de inicio nas que en resumo sinala:

- que houbo outro procedemento concurso-oposición sobre o que o Tribunal Superior de Xustiza decidiu que non era válido e o Concello despediu aos apareladores.
- que se está retrasando o cumprimento do ordeado polo dito Tribunal.
- que solicita o acceso ao expediente e aos antecedentes.
- que solicita participar no proceso de contratación externa dos servizos técnicos en tramitación.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



- Real Decreto 2398/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

PRIMEIRO.- A CADUCIDADE DO EXPEDIENTE.

A revisión de oficio dos actos administrativos atopa a súa regulación nos artigos 106 e 107 da Lei 39/2015, que regulan os procedementos de revisión de oficio dos actos nulos (106) e actos anulables (107).

No caso que nos ocupa o procedemento iniciado foi para revisión de oficio por nulidade de pleno dereito das bases aprobadas o 16.07.2015, a resolución da aprobación da listaxe de admitidos e excluídos naquel proceso selectivo e mais a resolución de alcaldía pola que se nomeou un novo tribunal calificador do proceso selectivo o 07.11.2019, por concurrir unha vulneración dos principios de libre acceso a función pública e igualdade de oportunidades.

Segundo dispón o art. 106, o procedemento de revisión contempla a seguinte regulación:

“As Administracións Públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude de interesado, e previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houber, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 47.1.

2. Así mesmo, en calquera momento, as Administracións Públicas de oficio, e previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma se o houber, poderán declarar a nulidade das disposicións administrativas nos supostos previstos no artigo 47.2.

3. O órgano competente para a revisión de oficio poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sen necesidade de solicitar Ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma, cando as mesmas non se baseen nalgunha das causas de nulidade do artigo 47.1 ou carezan manifestamente de fundamento, así como no caso de que se desestimaron en canto ao fondo outras solicitudes substancialmente iguais.

4. As Administracións Públicas, ao declarar a nulidade dunha disposición ou acto, poderán establecer, na mesma resolución, as indemnizacións que proceda recoñecer aos interesados, se se dan as circunstancias previstas nos artigos 32.2 e 34.1 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público sen prexuízo de que, tratándose dunha disposición, subsistan os actos firmes ditados en aplicación da mesma.

5. Cando o procedemento iniciouse de oficio, o transcurso do prazo de seis meses desde o seu inicio sen ditarse resolución producirá a caducidade do mesmo. Se o procedemento iniciouse a solicitude de interesado, poderase entender a mesma desestimada por silencio administrativo.”

Segundo se desprende deste artigo no seu apartado 5 o transcurso do prazo de seis meses desde o seu inicio sen ditarse resolución producirá a caducidade do mesmo.

No noso caso, dende o inicio do expediente de revisión de oficio mediante resolución da alcaldía do 12.12.2019 transcorreron máis de 6 meses sen que se tivera ditado a resolución do expediente, en consecuencia, procede a súa declaración de caducidade

SEGUNDO.- PROCEDEMENTO A SEGUIR NA TRAMITACION DO EXPEDIENTE.

Como se dixo no apartado anterior, o transcurso de máis de 6 meses dende que se adoptara a resolución de inicio do expediente sen que se ditase a súa resolución determina a caducidade do expediente.

A caducidade refírese só ao procedemento, non aos dereitos substantivos que se dirimen no mesmo, xa que como indica hoxe o art. 95.3 da Lei 39/2015, “A caducidade non producirá por si soa a prescrición das accións do particular ou da Administración, pero os procedementos caducados non interromperán o prazo de prescrición”, permitindo á Administración reabrir novamente o prazo se non prescribiu a acción para poder facelo, conservando trámites do procedemento anterior, tal e como habilita o mesmo art. 95.3: “Nos casos nos que sexa posible a iniciación dun novo procedemento por non producirse a prescrición, poderán incorporarse a este os actos e trámites cuxo contido se mantivo igual de non producirse a caducidade. En todo caso, no novo procedemento deberán cumprimentarse os trámites de alegacións, proposición de proba e audiencia ao interesado”.

No caso que nos ocupa, na opinión de quen subscribe, o Concello debeu dar cumprimento a Sentencia do Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 1 de A Coruña do 10.02.2016, nos seus propios termos tal como sinalou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na sentenza do 12.04.2017.

Lembremos que o Tribunal revoga o auto de execución da sentenza do xulgado, sinalando no seu fundamento



Terceiro que:

"Nadie discute las facultades de autoorganización que al Ayuntamiento le corresponden, pero es que, aquí, lo que se trata es de constatar si la sentencia se ha cumplido o no en sus propios términos y a nadie escapa que, en el presente caso, se ha producido una irrazonable, arbitraria, y errónea modificación de lo fallado que altera lo en aquella acordado, en clara vulneración del principio de intangibilidad de las decisiones judiciales. Distinto sería que el ente local demandado considerase que la sentencia, en los términos que contiene, resulta de imposible ejecución; en ese caso, así debería haberlo planteado, pero lo que no es admisible es burlar la decisión judicial alterando, a la hora de su ejecución, el sentido del fallo de la sentencia y de los fundamentos de derecho que lo sustentan..."

E continua dicindo que

"... si la sentencia retrotaría las actuaciones al momento de designación de los integrantes de la comisión calificador, parece lógico que el Ayuntamiento demandado acatase tan claro pronunciamiento; sin embargo, en lugar de hacerlo así, fue más allá de lo prescrito y anuló el proceso selectivo en su integridad, convocando uno nuevo con bases distintas y estableciendo un sistema de cobertura de la plaza diferente..."

A vista desta Sentencia, non podemos concluir outra cousa que o Concello ten que cumprir a sentencia nos seus termos, procede dar continuidade ao proceso de selección de arquitecto técnico iniciado coa aprobación das bases da convocatoria de data 16.07.2015 dende o momento de nomeamento do Tribunal de selección feito o 07.11.2019 e conservación de todos os trámites non afectados pola retroacción das actuacións. Entendemos que de reanudar a revisión de oficio do expediente chegaríamos a mesma conclusión que desbota o Tribunal cando se convocou un novo proceso de selección, tratar de emendar non ter solicitado a inexecución da sentencia no momento procesal oportuno.

Por outra banda, non se escapa a esta funcionaria que a execución da sentencia nestes termos conducirá ao nomeamento con carácter laboral temporal do aspirante seleccionado, aínda que na Relación de Postos de Traballo deste concello o posto atópase calificado como posto de personal funcionario, que é calificación que, na miña opinión ten que ter. Con todo, axustar a calificación do posto a da un funcionario implicaría unha nova variación das bases da convocatoria, que como queda dito sería contraria ao disposto polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por este motivo entendo que ten que manterse a calificación inicial.

E por último, compartindo con todo a valoración xurídica do expediente de revisión de oficio que fixo a asesoría xurídica, entendo que o procedemento a seguir é o indicado no corpo deste informe, con vistas a que unha vez rematada a actualización da Relación de postos de traballo do Concello en tramitación así como a súa valoración, e conforme co resultado deste traballo, se proceda a cobertura con carácter definitivo do posto de traballo acorde coa súa natureza funcional.

Tendo en conta o expediente administrativo, o seguinte paso no proceso de selección do arquitecto técnico será a valoración dos méritos invocados e xustificadas polos aspirantes nas súas instancias, para o que será precisa a convocatoria previa da sesión do Tribunal de selección.

TERCEIRO.- ÓRGANO COMPETENTE NO PROCEDIMENTO DE REVISIÓN DE OFICIO

A resolución desta cuestión, non prevista na lei de bases do réxime local orixinou distintas posicións na doutrina, ben considerando que a competencia para a revisión de oficio reside no Pleno do Concello en todo caso, ben considerando que dita competencia corresponde ao órgano autor do acto correspondente.

Na opinión de quen subscribe existe unha referencia clara a esta cuestión no art. 218 Real Decreto 2398/1986, do 28 de novembro, fai en relación co procedemento de revisión de oficio dos actos administrativos das entidades locais. O dito artigo di:

- "1. Sen prexuízo das previsións específicas contidas nos artigos 65, 67 e 110 da Lei 7/1985, do 2 de abril, os órganos das entidades locais poderán revisar os seus actos, resolucións e acordos, nos termos e co alcance que se establece na lexislación do Estado reguladora do procedemento administrativo común.*
- 2. A solicitude de ditame do Consello de Estado, nos casos que proceda legalmente, cursarase por conduto do Presidente da Comunidade Autónoma e a través do Ministerio para as Administracións Públicas."*

Por outra banda, lembremos que o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, recoñece como competencia da alcaldía: "g) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal"

Do anterior despréndese, a xuízo de quen subscribe, que a competencia para a revisión de oficio dos actos



municipais competente ao órgano autor do acto. Os argumentos doutriniais a favor deste razonamento son, entre outros, que:

a) Se a competencia residise no Pleno resultaría anacrónico, especialmente tras a modificación operada na LRBRL pola Lei 11/1999 do 21 de abril, que pretendeu reforzar a figura e as competencias do Alcalde, ao cal, en virtude do art. 21.1 k) LRBRL, correspóndelle "o exercicio das accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia".

b) conceder ao Pleno a competencia de revisar os actos do Alcalde podería dar lugar a unha extralimitación de competencias.

c) se se xustifica a competencia plenaria en base á competencia para declarar a lesividade dos actos do Concello, esta previsión debería completarse co art. 21.1 l) que atribúe ao Alcalde a iniciativa para propoñer a devandita declaración en materias da súa competencia. (Alonso Higuera).

d) cando o lexislador considerou conveniente reservar ao Pleno da Entidade unha determinada atribución fíxoo expresamente (Boix Mañó).

e) as relacións entre o Pleno e o Alcalde configúranse desde o principio de competencia e non o de xerarquía (De la Peña Gutiérrez)

No noso caso, a maior abastanza, nin sequera a normativa autonómica concreta este extremo pois a Lei de administración local de Galicia, non contén ningunha previsión no tocante a competencia en materia de revisión de oficio dos actos administrativos, en consecuencia, a xuízo de quen subscribe a competencia para a resolución destes expedientes é do mesmo órgano competente para ditar o acto obxecto de revisión, é dicir, do Alcalde.

En conclusión por todo o anterior, INFORMO que procede dar cumprimento sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo núm.1 de A Coruña do 10.02.2016 que obriga a "retrotraer el procedimiento selectivo/concurso al momento del nombramiento del tribunal a fin de que sea nombrado por el Concello con carácter predominantemente técnico", a saber :

a) Declarar a caducidade do expediente de revisión de oficio por nulidade de pleno dereito das bases aprobadas o 16.07.2015, a resolución da aprobación da listaxe de admitidos e excluídos naquel proceso selectivo e mais a resolución de alcaldía pola que se nomeou un novo tribunal calificador do proceso selectivo o 07.11.2019 iniciado mediante resolución 12.12.2019

b) Continuar a tramitación do expediente de selección dun arquitecto técnico seguindo o procedemento establecido nas bases aprobadas pola Xunta de Goberno local o 16.07.2015 dende o nomeamento do tribunal cualificador do 07.11.2019

Documento asinado dixitalmente pola secretaria municipal, Elena González López, na data que figura na sinatura electrónica."

De conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co art. 218 Real Decreto 2398/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO**

PRIMEIRO. Declarar a caducidade do expediente número 2019/X999/000504 de revisión de oficio das bases da convocatoria aprobación da listaxe de aspirantes admitidos e excluídos e o nomeamento do tribunal cualificador correspondente ao proceso de selección en réxime de dereito laboral temporal con carácter interino da praza de arquitecto técnico municipal polo sistema de concurso de méritos, aprobado o 16.07.2015.

SEGUNDO. Proceder ao arquivo do dito expediente de conformidade co establecido no Artigo 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

TERCEIRO. Dar cumprimento á sentenza nº 28/2016 do 10 de febreiro de 2016 correspondente ao procedemento abreviado nº 335/2015 reanudando a tramitación do expediente administrativo para a provisión do posto dende o momento do nomeamento do tribunal do 07.11.2019

CUARTO.- Modificar a composición do tribunal no sentido de substituír a secretaria pola persoa que ocupa actualmente o posto de secretaria do Concello, Elena González López, quedando constituído como se indica a seguir:



Presidente:

- Titular: Cristina Carrión Rodríguez; funcionaria grupo A2 , grupo de Xestión.
- Suplente: Patricia Rodriguez Franco, funcionaria superior do grupo A1 da Xunta de Galicia.

Vogais:

- Titular: Benito J. Calvo Castro, arquitecto técnico do Concello de Ares.
- Suplente: Alfonso Portela Martínez, arquitecto técnico do Concello de Ares.
- Titular: Nelly Gato Novo, arquitecta técnica do Concello de Arteixo.
- Suplente: Covadonga Sierra Martí, arquitecto técnico do Concello de A Coruña.
- Titular: Ramón Vázquez Fernández, arquitecto técnico da Universidade da Coruña.
- Suplente: Ramón Couce Blanco, arquitecto técnico do Concello de Valdoviño

Secretaria:

- Titular: Elena González López, secretaria do Concello de Coristanco.
- Suplente: M^a Carmen Martínez Muñiz, funcionaria do Concello de Coristanco

QUINTO.- Notificar as persoas interesadas no expediente aos efectos oportunos.

Informalas de que contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante este órgano administrativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común da Administracións Públicas, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

SEXTO.- Dar traslado aos membros do Tribunal e iniciar o seu chamamento para a valoración da fase de concurso a maior brevidade posible.

SÉTIMO.- Dar conta ao pleno na vindeira sesión que celebre.

Coristanco, asinado electrónicamente polo alcalde, Juan Carlos García Pose, e a secretaria municipal, Elena González López, na/s data/s que figuran nas sinaturas electrónicas.